

XIII Xornada de Formación para Elaborar Proxectos de Estatística

COVADONGA RODRÍGUEZ-MOLDES

A Xornada de Formación para Elaborar Proxectos Estatísticos vén sendo unha actividade anual na que se fai patente a colaboración entre AGAPEMA e SGAPEIO, que a organizan conxuntamente. Cumpre xa 13 edicións coa celebrada este ano, pero esta vez presentou importantes diferenzas con respecto ás anteriores. A principal foi o lugar de celebración, que non foi o habitual na Facultade de Matemáticas senón que tivo lugar na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense, e a segunda, a data, que variou do mes de novembro ao de outubro.

O motivo foi que, coincidindo coa celebración en Ourense do XVII Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións entre o 23 e o 25 de outubro e seguindo a estela do anterior congreso de SGAPEIO dous anos antes en A Coruña, decidiuse integrar nel as “II Xornadas de Innovación Docente na Estatística e Investigación de Operacións” que, á súa vez, absorberían a XIII Xornada de Formación para Elaborar Proxectos de Estatística. Resultou así un mes de outubro cargado de actividades matemáticas pois tivo lugar unha semana despois do X Congreso de AGAPEMA de Lugo.

Actividade

Estas II Xornadas de Innovación Educativa comezaron o venres día 24, cun número de asistentes arredor de 40 persoas, ás 4 da tarde, co obradoiro *Taller Maestr@Yoda* impartido por Mercedes Conde Amboage (figura 1), Profesora do Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización da Universidade de Santiago de Compostela. O proxecto de divulgación científica Stat Wars trata de achegar a estatística aos estudantes de secundaria a través dun formato innovador e divertido que ten varias sedes no territorio español, sendo a sección galega deste proxecto moi activa. Mercedes Conde fixo un percorrido áxil e entretido polas variadas e interesantes actividades que realizaron e que poden seguirse en <https://www.proyectostatwars.es/actividades>.

Despois dun café tivo lugar o segundo obradoiro: *Métodos e recursos para a aplicación da Intelixencia Artificial no ensino da ESO e Bacharelato*, a cargo de Pedro Cuesta Morales (figura 2), profesor do Departamento de Informática da Universidade de Vigo, que resultou moi dinámico, interesante e abraiante as posibilidades da IA na docencia que mostrou o relator. Sen dúbida, hai que formarse no bo uso desta potente ferramenta educativa.



Figura 1: Mercedes Conde durante o obradoiro.



Figura 2: Pedro Cuesta durante o obradoiro.

Rematada a xornada do venres, o sábado ás 9 da mañá as persoas asistentes citámonos na Aula Magna da facultade para unha longa sesión na que participaron varias profesoras, todas elas titoras de traballos premiados no concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos do ano 2025.

As primeiras en intervir foron María Teresa Rey Rey (figura 3), responsable da Aula Hospitalaria do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS) e María Isabel Borrajo, profesora do Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización da USC e voluntaria na atención hospitalaria. Consequiron contaxiar aos asistentes a emoción que supón o feito de que, a través das matemáticas e a estatística, alumnado con problemas hospitalarios de todo tipo se sentisen protagonistas, creadores de coñecemento e transmisores dunha mensaxe valiosa para a sociedade. Falaron da coordinación dos traballos “Algoritmo emocional”, Mención Honorífica na categoría B do concurso Incubadora e “Oncovida. Números que contan historias”, gañador do concurso na mesma categoría e Mención de Honra no II Concurso AVATAR -actual nome da fase nacional do concurso Incubadora- que se celebrou en Logroño.

A continuación María del Pilar Fernández Corbal e Pilar Rodríguez López (figura 4), do CPR Divina Pastora Franciscanas de Ourense contaron como lograron implicar a alumnado do centro para conseguir presentar traballos ao concurso Incubadora, todos eles levados a cabo fóra do horario escolar. Entre os traballos que mencionaron estaban “Venía a por pan y me llevé medio supermercado”, finalista na categoría de 1.º - 2.º de ESO e “El lado oscuro de la miel”, no que se investiga como o tratamento tér-

mico afecta á calidade do mel a través da análise do composto HMF como indicador do seu deterioro. Este traballo foi gañador do concurso Incubadora en Galicia na categoría de Bacharelato e tamén na fase nacional do concurso, en Logroño.



Figura 3: María Teresa Rey e María Isabel Borrajo.



Figura 4: M.ª Pilar Fernández e Pilar Rodríguez.

A última intervención foi a de Ana Belén Álvarez Álvarez (figura 5), do IES As Lagoas de Ourense, finalista na categoría de Bacharelato co traballo: “Todas as persoas que son felices son conscientes de que o son?”, contou Ana Belén como coordinou ao entusiasta equipo de primeiro de bacharelato que investigou como as persoas poden experimentar felicidade sen ser conscientes, tanto a nivel nacional, como a nivel galego e ourensán, analizando datos do INE, do IGE e finalmente comparándoos cos recollidos nunha ampla enquisa no centro.

Despois desta longa e interesante sesión, era o momento de tomar un café e comentar as impresións recibidas. O ambiente era moi agradable e o café pareceu darnos forza para a seguinte proposta, a mesa redonda sobre a *Estatística na PAU: Avaliación por competencias* moderada por Iván Area Carracedo, delegado do reitor na CIUG pola Universidade de Vigo, e na que participaron José María Alonso Meijide, director do grupo de traballo da materia Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II, Concepción Aramburu Sánchez, inspectora de Educación e membro do Grupo de Traballo da materia Matemáticas II, María Mercedes Besada Hermida, membro do Grupo de Traballo da materia Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II e profesora do IES Valle Inclán de Pontevedra e Óscar López Pouso, Director do Grupo de Traballo da materia Matemáticas II (figura 6). Unha interesantísima sesión na que se abordou a casuística dos problemas competenciais, a posibilidade do aumento de problemas deste tipo nas probas das PAU e tamén das vantaxes e inconvenientes da ordenación específica dos bloques de contido na programación de aula das materias.



Figura 5: Ana Belén Álvarez.



Figura 6: Participantes na mesa redonda do congreso.



Figura 7: Anabel Fortes durante a sesión plenaria final do congreso.

Tras un breve receso, tivo lugar a sesión plenaria final do congreso e das xornadas, impartida por Anabel Forte Deltell (figura 7), profesora do Departamento de Estadística e Investigación Operativa da Universidade de Valencia, coñecida tamén nas redes sociais como BayesAna e directora do proxecto Stat Wars: El Imperio de los datos. O título da conferencia foi *Estatística: de arma de poder a clave da ciencia*, unha fin de xornada espectacular que resultou grata para todos os asistentes.

E isto foi todo o que deron de si as II Xornadas de Innovación Educativa e a XIII Xornada de Formación para Elaborar Proxectos de Estatística. O próximo ano non haberá congreso de SGAEIO e espérase que a XIV Xornada se celebre, de novo, na Facultade de Matemáticas no mes de novembro coa organización conxunta de SGAEIO e AGAPE-MA.

Covadonga Rodríguez-Moldes

Catedrática xubilada

<covadongares@gmail.com>